



***MEDIDAS PREVENTIVAS NOS HOSPITAIS TRAS A PUBLICACIÓN
DA ORDE SND/726/2023 POLA QUE SE DECLARA A
FINALIZACIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA
OCASIONADA POLA COVID-19***

Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2023

Unha vez que a OMS decretou con data do 5/05/2023 o fin da emerxencia sanitaria internacional pola COVID-19, o Plan de actuación asistencial no ámbito hospitalario en etapa de transición fronte ao virus SARS-CoV-2, quedou sen vixencia con data do 11/05/2023, sen prexuízo do mantemento do uso das medidas preventivas xerais aínda obrigatorias nos centros sanitarios.

Conforme á Orde SND/726/2023 do 4 de xullo, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 4 de xullo de 2023, polo que se declara a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (BOE do 5 de xullo de 2023), a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, establece as seguintes medidas xerais e organizativas nos centros hospitalarios, adaptadas á situación epidemiolóxica actual.

1. Medidas asistenciais específicas contra o COVID-19:

O Plan de actuación asistencial no ámbito hospitalario en etapa de transición fronte ao virus SARS-CoV-2, quedou sen vixencia con data do 11/05/2023.

A realización de probas diagnósticas (PDIA) faise por indicación clínica ou por indicación do Servizo de Medicina Preventiva para o estudo de casos e abrochos.

2. Medidas de preventivas nos hospitais:

Indicaránse as seguintes medidas específicas referidas polas directrices da Dirección Xeral de Saúde Pública (<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Medidas-preventivas-centros-sanitarios>) e do Servizo de Prevención de Riscos Laborais (<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Saude-laboral-PRL>):

2.1. Uso de máscaras

1-Indícase o uso de máscaras:

- Nas persoas que presenten síntomas.
- Nos profesionais que atendan a pacientes con síntomas.
- Nos pacientes inmunodeprimidos ou que presenten alto risco de desenvolver unha infección respiratoria aguda grave.

2-Indícase o uso de máscaras nas unidades ou servizos nos que se atendan a pacientes vulnerables:

- Unidades de coidados intensivos e pacientes críticos.
- Unidades de reanimación, incluídas unidades postcirúrxicas.
- Unidades de transplantados.
- Unidades de pacientes oncolóxicos e hematolóxicos.
- Unidades de específicas de pacientes dializados e hospitais de día.

3-Indícase o uso de máscaras nos servizos de urxencias e as súas salas de espera, posto que existen pacientes pendentes de valoración que poderían presentar infeccións respiratorias transmisibles. De tal forma indicaráse o uso de máscaras en todo momento nas zonas comunes de urxencias, e no caso da atención individual ao paciente, ata que a sintomatoloxía sexa descartada.

2.2. Medidas de seguridade interpersonal

Quedan sen efecto as medidas de distancia de seguridade interpersonal, así como os límites de aforo establecidos na normativa durante a crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Pódense utilizar o 100% dos asientos nas salas de espera.

Non se indicará a colocación de folletos, trípticos nin revistas nas salas de espera, a excepción de lugares habilitados para ese uso, para evitar contaxios por contacto.

Indicarase o mantemento das mamparas nos postos administrativos de atención ao público nos que se dispoña das mesmas (sempre que non obstaculicen a comunicación coas persoas usuarias do servizo sanitario), como medida conforme aos principios da acción preventiva ante exposición a axentes biolóxicos e a violencia laboral de orixe externa.

2.3. Ventilación

Indicarase manter unha boa ventilación no centro hospitalario a través de ventilación natural ou do emprego de sistemas de ventilación forzada. Neste caso, debe aumentarse o subministro de aire exterior e diminuír a fracción de aire recirculado, co fin de obter unha adecuada renovación do aire.

2.4. Acompañamento_Visitas:

No caso de acompañamento o visita dun paciente, indicarase unha persoa por paciente, non sendo necesario que sexa sempre a mesma, que tamén cumprirán as medidas preventivas citadas anteriormente.

3. Outras medidas:

O diagnóstico de infección por SARS-CoV-2 nun paciente falecido non imposibilitará a realización de ningún procedemento post-mortem.